

B A S E S

1.- **OBXECTO DA CONVOCATORIA.**- Ten por obxecto a presente convocatoria contratar a un Técnico Medio aos efectos da continuación do Banco de Tempo.

2.- **CONDICIÓNS.**- Duración do contrato: Do 16 de agosto ao 30 de novembro de 2012.

O horario laboral será xornada completa.

Percibirán a cantidade mensual bruta de 1.250,00euros por tódolos conceptos incluídas a parte correspondente das pagas extraordinarias.

3.- **CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.**- Para poder tomar parte na presente convocatoria, os aspirantes deberán estar en posesión, antes do remate do prazo de presentación de instancias, dos seguintes requisitos:

a) Ser cidadán comunitario, nos termos dos artigos 56 e 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade

c) Estar en posesión dalgúns dos títulos seguintes: Diplomado en Ciencias da Educación, Educación Social ou Licenciado en Pedagogía, Socioloxía, Psicoloxía ou Psicopedagogía.

d) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións do cargo.

e) Que non fora ou estea separado mediante expediente disciplinario do servizo da Administración Local ou doutras Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

f) Especialización acreditada na área de igualdade entre mulleres e homes.

4.- **PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**- As instancias dirixiranse ó Ilmo Sr. Alcalde-Presidente deste Concello, e serán presentadas, no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de cinco días naturais, contado a partires do día seguinte da publicación do correspondente anuncio en dous diarios de gran difusión e no taboleiro de anuncios municipal.

Para seren admitidos a tomar parte na convocatoria, os aspirantes manifestarán na instancia que reúnen todas e cada unha das condicións sinaladas no nº 3 destas Bases.

Con ela acompañarase compulsadas:

a) Fotocopia do D.N.I.

b) Fotocopia do título requirido

c) Xustificante de coñecemento de lingua galega (Celga 3 ou equivalente), de posuílo.

d) Xustificante do pagamento das taxas de inscrición (a cantidade a aboar serán 20,00 euros os cales serán pagados na Tesourería municipal ou a través dos seguinte números de conta bancarios: BBVA (0182 6246 32 0200360191) ou NOVA GALICIA BANCO (2080 5031 24 3110010349) no xustificante de ingreso terá que figurar o DNI do candidato á praza).

e) Acreditación de especialización na área de igualdade entre homes e mulleres.

5.- **TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

Estará constituído polos seguintes membros actuando todos con voz e voto:

Presidente:

Titular: Don Javier Comesaña Pereira, Director do Conservatorio do Excmo. Concello da Estrada.

Suplente: Dna Rita Rivas de la Iglesia; Economista do Excmo. Concello da Estrada.

Secretario:

Titular: D. Ramón Brea Villaverde, Enxeñeiro Técnico Municipal do Excmo. Concello da Estrada.

Suplente: Dna. Isabel Domínguez Rodríguez, Traballadora Social do Excmo. Concello da Estrada.

Vogais:

Titular: Dna. Mónica Neira Mato, Arquitecta Municipal do Excmo. Concello da Estrada.
Suplente: Dna. Rosa Montero Vecino, Directora da Gardería Municipal do Excmo. Concello da Estrada.

Titular: D. Rogelio A. Carrera Ares, Técnico de Administración Xera, do Excmo. Concello da Estrada.
Suplente: D. Luis Lozano Lorenzo. Técnico de Administración Xeral do Excmo. Concello da Estrada.

Titular: Dna.Mónica Castro Pérez, Funcionaria Xefa de Servizo da Academia Galega de Seguridade Pública.
Suplente: D.José Luis Grandas, Funcionario da Academia Galega de Seguridade Pública.

Será causa de exclusión a non presentación da documentación preceptiva do apartado 3 das presentes Bases.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a relación de admitidos excluídos ás probas, así como a data e lugar de celebración dos exercicios.

Os aspirantes excluídos, poderán no prazo de 1 día, subsanar ou enmendar, no seu caso, o defecto que houbera motivo a exclusión.

6.- EXERCICIOS OBRIGATORIOS.- Os/as interesados/as presentaranse no lugar, día e hora, fixados no intre da publicación da relación de admitidos e excluídos, aos efectos de levar a cabo unha proba que constará de dúas partes:

Parte teórica:

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 100 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria durante un período de 110 minutos e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos da elaboración do mesmo.

Parte práctica:

Consistirá na resolución dun suposto práctico, por escrito, sobre as tarefas a desenvolver segundo o temario Anexo, nun tempo máximo de 60 minutos.

O exercicio, obrigatorio e eliminatorio, será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima media de cinco puntos. Para elo será necesario obter unha cualificación mínima en cada parte (teórica e práctica) de 2,5 puntos

PROBA DE GALEGO

Os/as aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 3 ou equivalente) terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento.

Quedarán exentos/as, así mesmo, de realizar a proba específica os/as aspirantes que opten por realizar o exercicio obrigatorio na lingua galega. Os/as restantes opositores/as terán que realizar unha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Serán cualificados como aptos/as os/as aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado. No caso de non realizar a tradución completa serán considerados non aptos.

7.- PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E PUBLICACIÓN.- Rematado o exercicio obrigatorio, o Tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación. A persoa que que consiga maior puntuación será proposta ó Presidente da Corporación para que faga o nomeamento e se formalice o contrato. Non se poderá propoñer a máis dunha persoa para a praza convocada.

8.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.- A formalización do contrato terá lugar en canto o interesado presente a documentación pertinente.

9.- RECURSOS.- Contra as presentes bases, que remata a vía administrativa, poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante a Xunta de Goberno Local, no prazo de un mes contado a partires do día seguinte ó da recepción da presente. Contra a resolución do recurso potestativo de reposición poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo con sede en Pontevedra, no seu caso, no prazo de dous meses contado a partires do día seguinte ó da notificación da resolución expresa do nomeado recurso. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñelo recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado a partires do día seguinte ó que se produza a desestimación por silencio administrativo.

Non obstante, poderá interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo citado ante o órgano competente da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, sen necesidade de interpoñelo recurso potestativo de reposición, no prazo de dous meses contado dende o día seguinte ó da notificación da presente. E, todo isto, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias prantexe a súa aplicación, a cuio efecto poderá adoptar los acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

ANEXO TEMARIO

- 1.- A Constitución Española de 1978. Características, estrutura e contido. A reforma constitucional.
- 2.- Os dereitos fundamentais: evolución histórica e conceptual. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.
- 3.- Os dereitos económicos e sociais na Constitución Española. Principios da economía social.
- 4.- Democracia directa e democracia representativa na Constitución Española. A participación política. Os partidos políticos.
- 5.- O sufraxio. Formas e técnicas de articulación. A Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.
- 6.- A Monarquía Parlamentaria. A Coroa: significado e retribucións. O referendo.
- 7.- As Cortes Xerais. Composición e funcións.
- 8.- O Goberno. Funcións e potestades. Composición, designación e remoción do Goberno e o seu presidente.
- 9.- O Estatuto de Autonomía da Comunidade de Galicia. Estrutura. Competencias.
- 10.- O Parlamento de Galicia: composición, funcións e potestades.
- 11.- O Goberno de Galicia. O Presidente da Comunidade e o Consello da Xunta. Composición, designación e remoción. As Consellarías: Estrutura básica.
- 12.- Réxime Local Español, Regulación constitucional e normativa xurídica. Liñas xerais de organización do municipio e provincia.
- 13.- O municipio. Historia. Clases de entes municipais no Dereito Español.
- 14.- O termo municipal. A poboación. O Padrón de habitantes.
- 15.- Marco conceptual e histórico da pedagogía social como ciencia.
- 16.- Antecedentes históricos da pedagogía social.
- 17.- A pedagogía sociolóxica - diversas correntes.
- 18.- Concepto da pedagogía social.
- 19.- Identidade científica da pedagogía social.
- 20.- Socialización e educación Social.
- 21.- A persoa como ser social en desenvolvemento.
- 22.- Historia e concepto da socialización.
- 23.- Clases e funcións da socialización.
- 24.- Principais teorías sobre a socialización.
- 25.- Socialización e educación.
- 26.- O nexo entre a educación social e a educación moral.
- 27.- Educación social. Educación para a convivencia.
- 28.- A educación social- concepto, estrutura e modelos.
- 29.- Breve historia da educación social.
- 30.- Concepto de educación social.
- 31.- Estrutura, ámbitos e fases da educación social.
- 32.- Modelos da educación social.
- 33.- A intervención socioeducativa.

- 34.- Socialización e educación social por idades.
- 35.- Educación social na infancia. Educación social na adolescencia.
- 36.- Atención sociopedagóxica á infancia e a adolescencia.
- 37.- A educación social na mocidade. A educación social nas persoas maiores.
- 38.- Orixe social da socioloxía. Conceptos de socioloxía.
- 39.- O troco cara a sociedade informacional. O troco das organizacións nas súas bases produtivas. O troco teórico cara as actuais propostas sistémicas e institucionais.
- 40.- A cultura das organizacións na perspectiva do centro e a periferia.
- 41.- Consideracións teóricas para afrontar problemas prácticos das organizacións. Instrumentos de análise na investigación social.
- 42.- Introducción á animación sociocultural. Características da Animación Sociocultural
- 43.- Marco ideolóxico da A.S.C.
- 44.- Estudo investigación para a realización da actividade da animación.
- 45.- Pautas para a programación de actividades socioculturais. Como avaliar programas, proxectos ou actividades de animación.
- 46.- Actividades específicas a partir das que se pode realizar a ASC.
- 47.- Tarefas iniciais para levar a cabo un proxecto. Perfil do animador. A importancia da participación.
- 48.- Técnicas de animación en grupo.
- 49.- O Concepto de Igualdade. A Teoría sexo-xénero. Perspectiva de xénero.
- 50.- Axentes de socialización. Concepto e tipos de discriminación.
- 51.- Medidas de acción positiva. Medidas contra a discriminación. Medidas de fomento e defensa.
- 52.- Transversalidade. Marco xurídico europeo. Marco xurídico español.
- 53.- Educar en igualdade.
- 54.- Políticas de igualdade.
- 55.- A importancia do deseño para todos.
- 56.- Boas prácticas.
- 57.- Conciliación da vida persoal e laboral.
- 58.- Corresponsabilidade doméstica.
- 59.- Planes de igualdade.
- 60.- Bancos municipais de tempo.

A Estrada, 3 de agosto de 2012
O ALCALDE EN FUNCIONS